

PALABRAS POLISÉMICAS

As palabras polisémicas teñen máis dun significado.

man s. f. **1.** Parte do corpo humano situado no extremo de cada brazo. **2.** Aptitude para facer algo ben. **3.** Cada capa de pintura que se aplica dunha vez. **4.** Lado dereito ou esquerdo dun sitio. **5.** Gran cantidade de algo.

1. Relaciona cada frase co significado que lle corresponda. Usa o dicionario se o precisas.

ollos saltóns	Parte contraposta á cabeceira.
un pé moi grande	Parte do corpo onde rematan as pernas.
pechar a boca	Burato que teñen algúns obxectos.
pés da cama	Punto onde comeza unha vía urbana.
boca da rúa	Orificio na parte inferior da cara.
ollo dunha agulla	Órgano da vista.

2. Completa as seguintes oracións coas palabras polisémicas.

man	raíz	polo	man	raíz	polo
• Quedaron sen luz e Lois foi orientándose coa • As pilas teñen un Negativo e outro positivo. • As paredes estaban gastadas, por iso lles deron unha de pintura. • Para solucionar ese problema hai que facer unha cadrada. • Encántame o de limón. • A desa planta é moi difícil de arrincar.					

3. Le o texto, busca no dicionario as palabras destacadas, arrástraas ata o seu lugar correspondente e marca a acepción que teña na lectura.

PALABRAS POLISÉMICAS

Todos os **cans** de Soandres ladraron sobresaltados. Os veciños prenderon as candís e asomaron polas fiestras. Era noite pechada. Que era o que alertaba tanto os cans? Serían soldados franceses? Desertores, se cadra? Corría o mes de xuño de 1809 e Galicia padecía a invasión das **tropas** napoleónicas. Os veciños de Soandres só puideron ver un can entolecido, ladrando e acosando non se soubo o que, unha donicela acaso. Da cancela do mosteiro o can non pasou. Deu varias voltas con novos ladros cara a dentro. Resignouse e marchou. O silencio apoderouse da noite. Os veciños, receosos e amedoñados, volveron ao **sono**.

ANDRÉS GARCÍA VILARIÑO
O *segredo* do novicio. Ed. Xerais de Galicia

- ☐ Mamífero doméstico
- ☐ Moeda de moi pouco valor.
- ☐ Multitude de xente.
- ☐ Conxunto de corpos dun exército.
- ☐ Gana de durmir.
- ☐ Repouso en que se dorme.
- ☐ Acocho dalgúns mobles.
- ☐ Que se mantén oculto.

4. Coloca cada palabra polisémica onde corresponda.

banco cadea copa rato

- Pode ser un obxecto para beber ou unha parte dunha árbore.
- Pode ser un asento ou o lugar onde gardamos o diñeiro.
- Pode ser unha xoia ou unha canle da radio ou da tele.
- Pode ser un animal ou unha parte do ordenador.

PALABRAS POLISÉMICAS

5. Escribe dúas oracións con significados distintos da palabra “ollo”.

.....

.....

.....

.....